



Moi bo día!

Hoxe temos tarefa especial pois imos mesturar naturais e sociais. E pensaredes...e iso? Pois porque, como sabedes e teño comentado, todas as áreas están conectadas e, polo tanto, naturais e sociais non ían ser menos.

Día mundial do medio ambiente

5 de xuño 2020

Paisaxes, as persoas, o tempo atmosférico, os seres vivos... todo está conectado en natu e soci, non? Pois este venres é o DÍA MUNDIAL DO MEDIO AMBIENTE e esta semana toca celebralo. Para iso, teredes que facer o seguinte:

1. Ver o seguinte vídeo e logo escribir o que está en azul

<https://www.youtube.com/watch?v=cLib5KZsHEo>

- Vídeo "Día mundial do medio ambiente". Que 6 accións negativas fai unha das mulleres no vídeo? Escribeas a continuación utilizando un guión para cada unha.

-
-
-
-
-
-
-

Agora, terás que facer esta tarefa que penso que gustará moito. Teredes que facer unha foto dun debuxo, collage ou unha foto na que mostredes a importancia dun medio ambiente coidado.

Instrucións:

- Debuxo. Metade dun folio será un debuxo do medio ambiente coidado e a outra metade sen coidar.
- Collage. Usade a vosa imaxinación para mostrar o valor e importancia dun medio ambiente coidado. Tedes liberdade de material.
- Foto. Igual que os anteriores. Usade a vosa imaxinación para por en valor o medio ambiente.

Tedes ata o VENRES 5 XUÑO para enviálo a martasequeirocuarto@gmail.com

